

Acta da Sesión Ordinaria da Comisión Calidade do 18 de decembro de 2014

Asistentes:

Aneiros Pereira, Jaime

Araújo Figueroa, Isaac Borja

Arias Martínez, María Antonia

Fernández Acevedo, Rafael

Muleiro Parada, Luis

Orge Míguez, José Carlos

Pillado González, Esther

Pita Grandal, Ana María

Rodríguez Rodríguez, Emma

Torres Pérez, Francisco José

Excusan a súa asistencia: Gómez Villaverde, Raúl

Da comezo a reunión sendo 13:10 da mañá co seguinte orde do día:

- 1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**
- 2. Informes da Sra. Decana.**
- 3. Información do Director da Área de Calidade sobre o proceso de acreditación do *Máster en Menores en situación de desprotección e conflito social* e do proceso de certificación do SGIC.**
- 4. Rolda aberta de intervencións.**

1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

O representante dos alumnos egresados Isaac Borja Araújo Figueroa, indica que hai un erro no seu segundo apelido. Apróbase a acta da reunión anterior corrixindo tal cuestión.

2.- Informes da Sra. Decana

A Decana pide desculpas pola demora no inicio da reunión, da a benvida e agradece a presenza na reunión do Director da Área de Calidade, D. Xosé María Gómez Clemente e o técnico de calidade, D. José Miguel Dorribo Rivera.

A Decana indica a urxente necesidade de apoio administrativo para labores de calidade e tarefas dos Centros. Neste senso, ten solicitado unha entrevista do Vicerreitor de Economía e Planificación D. José Manuel García Vázquez para abordar estas cuestións así como a eventual aprobación da RPT nos vindeiros meses.

3. Información do Director da Área de Calidade sobre o proceso de acreditación do Máster en Menores en situación de desprotección e conflito social e do proceso de certificación do SGIC.

O Director da Área de Calidade, asume a forte carga de traballo que supoñen os temas de calidade. No obstante puntualiza que a relevancia para facer ben as cousas nesta materia non depende, unicamente, de cuestións documentais. Así mesmo, sinala que vanse promover modificacións nos Contratos Programa para diferenciar aqueles Centros que teñan, por exemplo, certificado o seu SGIC daqueles outros que non o teñan.

A Decana informa sobre partidas que non poden ser asumidas polos Centros como o mantemento das páxinas web dada a cantidade de información que debe figurar nas mesmas consonte aos criterios de información pública.

O Director da Área de calidade, informa sobre cuestións concretas do proceso de acreditación e certificación. Para comprender este proceso poden servir os esquemas de visita proporcionados como documentos complementarios á convocatoria desta comisión. Como documento detallado do proceso de certificación, desde a área de calidade enviaranos nos vindeiros días un informe sobre o proceso de Auditoría de certificación do SGIC levado a cabo en diversos centros da UVigo. Tal documento se remitirá a tódalas persoas compoñentes da comisión.

Compromiso: Remitir tal documentación por parte do Coordinador de Calidade a tódalas persoas integrantes da Comisión para o seu estudo.

Prazo: 23 de decembro.

En relación coa visita ao noso Centro, hai que salientar o seguinte:

- Levarase a cabo por unha comisión "extendida" de 6 membros con mais compoñentes do habitual dado que a mesma comisión acreditará o máster e certificará o SGIC. A comisión está presidida por D. Javier González Benito (Catedrático de Organización de Empresas).

- A visita terá lugar o 9 e o 10 de febreiro.
- A visita comeza cunha breve presentación do Centro por parte do Equipo Decanal.
- A continuación existe una reunión coa comisión de calidade de aproximadamente 2 horas e media dado que na mesma plantéxanse cuestións relativas a acreditación do mestrado e certificación do SGIC.
- No que atinxe ao proceso de Acreditación, solicitarase (tal e como se pode comprobar no esquema proporcionado como documentación complementaria) o dossier completo de 3 materias de dito mestrado no curso 2013/2014 (guías docentes; cronogramas; probas de avaliación) que deberá estar dispoñible para as persoas integrantes da auditoría os días da visita. Así mesmo, solicitaranse dous TFG -normalmente o que acadou mais nota e o que tivo a máis baixa-.
- O Director da Área indica que é moi importante a implicación de tódalas persoas integrantes da Comisión de Calidade do Centro á hora de responder ás preguntas formuladas polos auditores. Tamén sinala a relevancia que ten a presenza da Administradora do Centro e, por tal motivo, falarán con ela para implicala no proceso. Neste punto a Decana suxire que podería ser interesante unha delegación da Administradora noutro PAS tal e como prevé a normativa. O Director insiste na importancia da participación de tódalas persoas integrantes da comisión durante a visita.
- O técnico de Calidade José Miguel Dorribo, puntualiza en certos aspectos que son moi valorados a efectos de certificación do SGIC. Primeiro: a implicación de tódolos títulos do Centro na Comisión de Calidade -estando representados na mesma polas persoas coordinadoras dos mesmos-. Segundo: o papel da Comisión de Calidade na definición da Oferta Académica -valorando as modificacións e memorias dos títulos-. Terceiro.- O papel da Comisión de Calidade do Centro nas principais decisións das CAM das diversas titulacións. Cuarto.- A discusión e valoración dos informes de seguimento dos diversos títulos e a plasmación no informe anual de seguimento.
- A Decana quere deixar constancia da falta de recursos para abordar con totais garantías de éxito estes procesos así como certos problemas comúns a tódolos títulos de postgrao (como por exemplo: o número máximo de docentes por materia en tales titulacións).

4. Rolda aberta de intervencións.

4.1.- A efectos de preparar a auditoría fíxanse dúas reunións:

O 14 de xaneiro de 2015 ás 10.00 horas coa coordinadora do Máster en Menores en situación de desprotección e conflito social, o seu Secretario, o Coordinador de Calidade e todas aquelas persoas que a coordinadora do título decida invitar, a efectos de preparar a acreditación de tal titulación.

O 27 de xaneiro de 2015 ás 12.00 horas coas persoas integrantes da Comisión de Calidade así como calquera outra persoa que se decida invitar, a efectos de preparar a certificación do SGIC.

4.2.- O técnico de calidade, D. José Miguel Dorribo, indica a importancia de informar públicamente do proceso vía web/tablóns. A tales efectos propónse unha presentación pública dos resultados do informe anual de resultados e da política e obxectivos de calidade do centro.

Compromiso: Realizar tales accións de publicidade en tablóns e na web, así como remitir dita información á delegación de alumnado para o seu coñecemento.

Prazo execución: ata o 10 de xaneiro.

Compromiso: Presentación pública do informe anual.

Prazo execución: durante a segunda quincena do mes de xaneiro

4.3.- O coordinador de Calidade indica que, con carácter previo a comisión e dada a demora no inicio da mesma estivo presente a Coordinadora do Máster en Menores, Dna. Esther Pillado González polo que solicita que conste a súa asistencia a esta comisión de calidade.

Non habendo mais intervencións, levántase a sesión as 14:40 do día sinalado, do que dou fe como secretario.

O Secretario

Visto e prace

Francisco José Torres Pérez
Coordinador de Calidade

Ana María Pita Grandal
Decana